



NORMATIVA CAMPO A TRAVES



TEMPADA DE CAMPO A TRAVES



NORMATIVA CAMPO A TRAVES



NORMAS XERAIS

A tempada de Campo a Través 2007/2008 rexirase polas seguintes normas:

1. Distancias

Distancias máximas recomendables, segundo normativa da RFEA, para tódalas competicións oficiais dentro de cada mes e categoría:

HOMES	SENIOR	PROMESA	JUNIOR	XUVENIL	CADETE	INFANTIL	ALEVIN	BENXAMIN
NOVEMBRO	9.000	9.000	6.000	5.000	4.000	2.500	1.500	
DECEMBRO	10.000	10.000	6.500	5.500	4.500	3.000	2.000	Entre
XANEIRO	11.000	11.000	7.000	6.000	5.000	3.500	2.500	1.000 e
FEBREIRO	12.000	12.000	7.500	6.500	5.500	4.000	3.000	2.000 m.
MARZO	12.000	11.000	8.000	6.500	6.000	4.500	3.500	

MULLERES	SENIOR	PROMESA	JUNIOR	XUVENIL	CADETE	INFANTIL	ALEVIN	BENXAMÍN
NOVEMBRO	6.000	6.000	4.000	3.000	1.600	1.100	800	
DECEMBRO	6.500	6.500	4.500	3.500	1.900	1.400	1.100	Entre
XANEIRO	7.000	7.000	5.000	4.000	2.200	1.700	1.400	800 e
FEBREIRO	7.500	7.500	5.500	4.500	2.500	2.000	1.700	1500 m.
MARZO	8.000	8.000	6.000	5.000	3.000	2.500	2.000	



NORMATIVA CAMPO A TRAVES

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE CAMPO A TRAVES

Art.1) O Excmo. Concello de Santiago de Compostela xunto ca Delegación da FGA en Santiago organizará o día 24 de Febreiro no Monte do Gozo o Campionato de Galego de Campo a Traves Junior, Promesa e Absoluto segundo normas reflexadas nesta regulamentación adxunta.

Art.2) O campionato disputarase a nivel individual nas seguintes categorías: absoluto, *promesa e junior* (Homes e Mulleres). Para a clasificación por equipos utilizarase as seguintes de sênior, promesa e junior tanto em homes como em mulleres

Art.3) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2007/2008) por algún Club pertencentes a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións

Art.4). Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos. Para poder puntuar por equipos cada clube deberá clasificar a 4 corredores que formen o equipo. Cada clubeNa clasificación por equipos existirá un campión na **categoría masculina** e outro na **categoría feminina** e da mesma maneira existirá un título honorífico de *millor clube galego do* campionato para o clube que obteña unha maior puntuación en ambas dúas. Para poder puntuar por equipos cada Clube deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría.

Art.5) A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos (ata un máximo de 6), con exclusión dos que non teñan clasificado ó menos a 4 atletas, agás na categoría junior e promesa feminina que será de 3 atletas.
2. Esta lista só estará formada polos atletas dos Clubes que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
3. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
4. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo, agás na categoría junior e promesa feminina que será de 3 atletas.
5. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
6. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio carto (terceiro en xuvenil, junior e promesa Mulleres), teña terminado máis preto ó gañador da proba.



NORMATIVA CAMPO A TRAVES

Art.6) En aquelas carreiras celebradas conxuntamente realizaránse clasificacións por separado, tanto individual como por equipos.

Art.7). Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO (HORARIO PROVISIOAL.PODE ESTAR SUXEITO A CAMBIOS)			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
11,00	Junior	Mulleres	5.000 m. aprox.
11,30	Junior	Homes	6.500 m. aprox.
12,00	Senior-Promesa (*)	Mulleres	11.000 m. aprox.
12,45	Senior-Promesa (*)	Homes	7.500 m. aprox.

(*) Os/as atletas veteranos/as poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.

Art.8) As inscricións realizaránse a través da páxina web da FGA ou do correo inscricionsFGAsantiago@gmail.com

Art.9) Os Delegados oficiáis dos Clubes, poderán retiralos seus dorsáis, ata 45 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art.10) A orde de colocación dos respectivos equipos na saída estableceráse por sorteo.

Art.11) Entregaránse medallas ós tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así como trofeos ós tres primeiros equipos.

Art.12) Terán derito a medalla aqueles atletas nos galegos con ficha FGA nas últimas tres tempadas (incluída a presente) e con censo fixado nalgún Concello Galego

Art.13) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F.



NORMATIVA CAMPO A TRAVES

CAMPIONATO GALEGO DE CROSS POR EQUIPOS

Art.1) A Excmo Concello de Ourense a traveso da súa Tenencia de Alcaldía desenvolvera conxuntamente ca Delegación da FGA en Ourense o día 03 de Febreiro o Campionato de Galego de Campo a Través por clubs nesta regulamentación adxunta.

Art.2) O Campionato disputarase na categorías senior (os atletas da categoría veterán consideranse seniors a tódolos efectos) e promesa

Art.3) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2007/2008) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
4. Admitirase a participación a título individual sempre e cando o atleta se inscriba en prazo e forma non optando a premio

Art.4). Realizarase unha clasificación por equipos conxunta. Para a clasificación por equipos terase en conta os eis primeiros atletas que cheguen a meta e sumaranse os postos dos catro primeiros.

Art.5) A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos con exclusión dos que non clasificados ó menos a 4 atletas.
2. Esta lista só estará formada polos atletas dos Clubs que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
3. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
4. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo,
5. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
6. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto atleta teña rematado máis preto ó gañador da proba.

Art.6). Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

CAMPIONATO GALEGO DE CROSS CADETE POR EQUIPOS			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
12,45	Senior-Promesa	Mulleres	4.000 m. aprox.
13,15	Senior-Promesa	Homes	4.000 m. aprox.



NORMATIVA CAMPO A TRAVES

Art.7) As inscricións realizaránse na FGA como data límite o martes da semana anterior a acompetición a través da páxina web da FGA

Art.8) Os Delegados oficiáis dos Clubes, poderán retiralos seus dorsás, ata 45 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art.9) A orde de colocación dos respectivos equipos na saída estabrecerase por sorteo.

Art.10) Entregaranse trofeos ós tres primeiros equipos clasificados

Art.11) Todo o non disposto no presente Regulamento resolveráse de acordo cas normas da I.A.A.F.



NORMATIVA CAMPO A TRAVES

CAMPIONATO GALEGO DE CROSS CADETE E XUVENIL INDIVIDUAL E POR EQUIPOS

Art.1) A Excmo Concello de Ourense a traveso da súa Tenencia de Alcadia desenvolvera conxuntamente ca Delegacion da FGA en Ourense o día 03 de Febreiro o Campionato de Galego de Campo a Través por clubs nesta regulamentación adxunta.

Art.2) O Campionato disputarásese nas categorías cadete e Xuvenil (Homes e Mulleres)

Art.3) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2007/2008) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións

Art.4). Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas que chegan a liña de meta e sumaranse os postos dos catro primeiros

Art.5) A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos con exclusión dos que non clasificado ó menos a 4 atletas.
- Esta lista so estará formada polos atletas dos Clubs que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
- A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
- Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo,
- Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio cuarto atleta teña rematado máis preto ó gañador da proba.

Art.6). As distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

CAMPIONATO GALEGO CADETE-XUVENIL			
Hora	Categoría	Sexo	Distancia
12.00	Cadete-Xuvenil	Mulleres	3.300 m.
12.20	Cadete-Xuvenil	Homes	5.250 m.



NORMATIVA CAMPO A TRAVES

Art.7) As inscricións realizaránse a través da páxina web da FGA. Como data tope o xoves da semana anterior a celebración do Campionato.

Art.8) Os Delegados oficiáis dos Clubes, poderán retiralos seus dorsáis, ata 45 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art.9) A orde de colocación dos respectivos equipos na saída estabreceráse por sorteo.

Art.10) Entregaranse trofeos ós tres primeiros equipos clasificados

Art.11) Todo o non disposto no presente Regulamento resolveráse de acordo cas normas da I.A.A.F.



NORMATIVA CAMPO A TRAVES



XII MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO DE CAMPO A TRAVÉS

Art.1) A Excmo Concello de Ourense a traveso da súa Tenencia de Alcaldía desenvolvera conxuntamente ca Delegación da FGA en Ourense o día 03 de Febreiro o Memorial Alejandro Lorenzo de Campo a Través para as categorías Benxamín, Alevín e Infantil segundo normas reflexadas nesta regulamentación adxunta.

Art.2) O Memorial está reservado para as seguintes categorías: *benxamín, alevín, infantil*, (Homes e Mulleres). As categorías adxuntaranse á seguinte táboa de idades:

ANOS DE NACEMENTO	
Benxamín	Nados/as en 1999 e 2000
Alevín	Nados/as en 1997 e 1998
Infantil	Nados/as en 1995 e 1996

Art.3) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2007/2008) por algún Club pertencente á Comunidade Galega.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas que posúan licencia en vigor co Deporte Escolar

Art.4). Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos. Para a clasificación por equipos terase en conta os eis primeiros atletas que cheguen a meta e sumaranse os postos dos catro primeiros.

Art.5) A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos con exclusión dos que non teñan clasificado ó menos a 4 atletas.
2. Esta lista so estará formada polos atletas dos Clubes que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
3. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
4. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo.
5. Proclamarase vencedor o equipo ou Colexio que obteña o menor número de puntos.
6. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio cuarto atleta, teña terminado máis preto ó gañador da proba.



NORMATIVA CAMPO A TRAVES

Art.6) Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO DE MENORES			
HORA	CATEGORÍA	SEXO	DISTANCIA
10.30	Benxamín	Mulleres	800 m. aprox.
10.35	Benxamín	Homes	800 m. aprox.
10.45	Alevín	Mulleres	1.500 m. aprox.
11.00	Alevín	Homes	2.000 m. aprox.
11.20	Infantil	Mulleres	2.000 m. aprox.
11.40	Infantil	Homes	2.750 m. aprox.

Art.7) As inscricións realizaránse na paxina web da FGA

Art.8) Os Delegados oficiáis dos Clubes poderán retirar seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art.9) O orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.10) Entregaránse medallas ós tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos ós tres primeiros equipos.

Art.11) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F.